



CONCELLO DE REDONDEIRA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CEDEIRA
26 DE ABRIL DE 2017

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta anterior
2. Orzamentos participativos 2017
3. Borrador do Regulamento dos Consellos Parroquiais.
4. Rogos e preguntas

No Centro Cultural de Cedeira, sendo as vinte horas e dez minutos, do día vinte e seis de abril de dous mil dezasete, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

GRUPOS POLITICOS:

PSdeG-PSOE – MARIA DEL CARMEN ALONSO LAGO

BNG - XOAN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

AER - ALFONSO BLANCO PÉREZ

AA.VV.:

CARLOS COVELO SOLLA

JUAN BAUTISTA BLANCO en substitución de ANTONIO LORES FRANCO

JACINTO GIMÉNEZ LAGO

ASOCIACIÓN CULTURAS:

JUAN JOSÉ COMESAÑA LÓPEZ

VICENTE LAMAS GUISANDE

ASOCIACIÓN DEPORTIVAS:

MERCEDES LESTÓN LÓPEZ

COMUNIDADE DE MONTES:

CARLOS GRAÑA VILARES

BERNARDO ÁLVAREZ DOS SANTOS



CONCELLO DE REDONDEIRA

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de María del Carmen Amoedo Dasilva, asistidos/as de min, Elena Barciela Alonso, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Cedeira convocada para o día de hoxe.

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.

Pola Presidencia dase conta da acta da última xuntanza celebrada o 07.02.2017.

O Consello Parroquial de Cedeira, por unanimidade dos seus membros, aproba a acta.

2. Orzamentos participativos 2017

A Presidenta lles pregunta se teñen algunha proposta.

Juan José Comesaña López, representante de asociación cultural, propón que o local social de Meirande se acondicione o pavimento para as actividades que fai a asociación, pilates e ximnasia de mantemento. Solicita que se coloque un pavimento especial, tarima PVC acolchada. Presenta un presuposto para 100 m² de 3.872 euros IVE incluído, 3.200 euros máis IVE.

A Presidenta lle pregunta se están constituídos como asociación.

Juan José Comesaña López lle contesta que si, realizaron un depósito de 3.000 euros para esa concesión e xa teñen firmado o convenio.

Por outra banda, Vicente Lamas Guisande, representante das asociacións culturais, propón rematar a obra da antiga escola.

A Presidenta lle indica que dentro do proxecto do obradoiro deste ano está colocar o pladur interior e unha mesa fóra, é un gasto asumido co orzamento do obradoiro.

Carlos Covelo Solla, representante da asociación de veciños, mantén a postura contraria ao que se está a facer. Hai unha falta de comprensión, atención ao que eles propuxeron, se non é por eles nin se tería a escola. Creen que se está facendo unha rehabilitación contraria ao que era a escola, unha escaleira interior que antes non existía, so tiña unha planta, e elimina a metade da superficie. Non se fixo o patín que había. Non poden estar de acordo, independentemente do acordo plenario onde se recolle que a escola se lle concede á Asociación de Veciños por falta de local.

A Presidenta lle indica que o redactor do proxecto, Carlos Falagan, coñecía como era e este proxecto foi o que tivo autorización de Patrimonio. Falouse que cos documentos fotográficos que podía haber do estado inicial da casa se lle presentase a Patrimonio para que autorizaran esa modificación, se ten que facer en base a algo, unhas probas para plantexar a modificación.

Juan Bautista Blanco, representante da asociación de veciños, consultaron co arquivo, con Carlos Fosca, etc, moveronse pero ninguén ten fotos.



CONCELLO DE REDONDELA

Carlos Covelo Solla, representante da asociación de veciños, indica que non hai ningún problema para que Falagan modificara o proxecto.

A Presidenta pregunta por qué se plantexou esa escaleira. Propón pagar cos participativos as fiestras e co orzamento do obradoiro o resto das obras.

O Sr. Covelo Solla, comenta en relación ao aseo que se pode facer fóra non dentro.

A Presidenta lle informa que necesitaría tamén autorización de Patrimonio por estar pegado á escola. Indica que o arquitecto municipal lle explicou que a única maneira de facer as modificacións tiña que haber un soporte documental que fundamentara esa modificación.

Xoan Carlos González Campo, representante do BNG, comenta que se hai testemuños orais dos veciños deberían valer, antes non había tanta cámaras.

A Presidenta indica que se consultará se co testemuño dos veciños que coñecían como era a escola valería.

Carlos Covelo Solla, representante da asociación de veciños, pide que se coloquen as portas e fiestras.

Así mesmo, Juan José Comesaña López, representante da asociación de veciños, pide que ademais do panel informativo do Cruceiro, se coloque un no Coto do Coello e outro na saída do camiño do Buscal.

O Sr. Covelo Solla, comenta que na relación faltan fontes, a fonte do Civil na Portela (fonte e lavadoiro) hai que limpar o manantial e que recupere a auga, arranxar o camiño. A fonte das Preñadas, na Formiga, tamén cun lavadoiro, restaurar. A fonte da Bandeira na Formiga que tamén ten lavadoiro. Tamén falta a fonte da Xesteira, esa está en bo estado.

Juan José Comesaña López, representante da asociación cultural, pide que se fagan actuacións tamén noutros barrios, non só no Cruceiro, hai que repartir para todos.

A Presidenta lle indica que respecto das obras defínense as prioridades e despois se acorda en que invertilos.

Vicente Lamas Guisande, representante de asociación cultural, lle informa ao Sr. Comesaña López, que para as obras que el solicita hai vías como as subvencións para facelas.

A Presidenta indica que é unha cuestión que decide o consello, lles pide que fixen unha orde das fontes máis prioritarias para rehabilitar.

Sometido o asunto a votación, acordase por maioría dos membros presentes, absténdose BNG, PSOE e AER, invertir os orzamentos participativos do ano 2017, nas seguintes actuacións, pola seguinte orde de prioridade:



CONCELLO DE REDONDELA

- 1.- Colocar a tarima de PVC acolchada da aula (local social) de Meirande, teñen un presuposto de 3.872 euros (IVE incluído).
- 2.- Colocar as fiestras e portas da antiga escola.
- 3.- Colocar tres paneis informativos:
 - 1.- No Cruceiro
 - 2.- No Coto do Coello
 - 3.- Na saída do camiño do Buscal
- 4.- Se sobran cartos, reparar a fonte da Bandeira na Formiga.

Así mesmo, o Consello propón por acordo de todos os membros, que se consulte a Patrimonio se, ante a falta de documentos fotográficos de como era inicialmente a escola, valerían como proba os testemuños orais dos veciños da zona para poder autorizar a construción ou rehabilitación de determinados espazos, existentes inicialmente.

3. Borrador do Regulamento dos Consellos Parroquiais.

A Presidenta pregunta se teñen algunha proposta ás modificacións.

Juan José Comesaña López, representante da asociación cultural, solicita que o Concello dé coñecemento das obras que teñen previstas na parroquia antes de que haxa un proxecto. Non se sabe das inversións que pretenden facer, que cando o teñan pensado o comuniquen antes de telo orzamentado, porque se levan peticións ás que non se lle fai caso e logo fan actuacións que non son tan importantes, como asfaltar camiños que dan a unha casa.

A Presidenta lle contesta que o Consello é un órgano consultivo. Os proxectos xa se traen ao Consello para que saiban o que se vai a facer. Por norma xeral, o Goberno está composto de persoas que coñecen o pobo, que están para axudar e colaborar para tratar de resolver os problemas da veciñanza. O Consello ten unha boa finalidade, se chega a acordos e se fala das necesidades da parroquia. Está para plantexar as dúbidas e proxectos.

O Sr. Comesaña López reitera que hai actuacións máis importantes que afectan a máis veciños.

Xoan Carlos González Campo, representante do BNG, pide que se lle aclare como vai a ser o proceso da modificación do regulamento.

A Presidenta explica que hai un borrador e sobre ese se poden facer propostas, AER fixo propostas. Sobre iso irá a unha comisión onde se debatirá e votará, aprobado inicialmente, se exporá ao público e aprobación definitiva.

Alfonso Blanco Pérez, representante de AER, explica varias das súas propostas, como que se teñan en conta as propostas do Consello antes de facelo, que poidan presentarse propostas de veciños particulares non só de asociacións.



CONCELLO DE REDONDELA

A Presidenta indica que as propostas que as plantexen na comisión que haberá e no periodo de información pública poderán alegar.

María del Carmen Alonso Lago, representante do PsdeG-PSOE, comenta que se non hai enmendas aprobarase o borrador facilitado e se hai modificacións se tratarán nesa comisión.

4. Rogos e preguntas

Comeza Carlos Covelo Solla, representante da asociación de veciños, indicando que no anterior Consello solicitaran unha reunión co Alcalde, que tivo lugar o 06/03/17, na que levaron unha lista de peticións, da que lle pasará unha copia aos demais membros do consello para que sepan todos os temas que se trataron.

Vicente Lamas Guisande, informa que M^a José, concelleira de vías e obras, se puxo en contacto con eles para mirar a torreta da Portela, o tunel, a ponte e levou nota.

Continúa dicindo que na curva da Portela puxeron os pivotes e agora os coches aparcan do outro lado, aínda que está prohibido. Pide que se controle pola Policía Local.

Ademais, Carlos Covelo Solla, comenta se sería preciso un representante da zona da Formiga.

A Presidenta lle indica que ten que ser dun colectivo para poder formar parte do consello.

Carlos Graña Vilares, representante da comunidade de montes, pregunta se se vai anchar o camiño de Fortóns que sube para a igrexa.

A Presidenta lle contesta que é unha boa idea, hai xente que teñen actitude positiva aínda que non se falou con todos. Como é unha necesidade importante, se hai posibilidade se pode facer.

Juan Bautista Blanco, representante da asociación de veciños, indica que podería comunicarse o camiño do Caramuxo.

A Presidenta lle contesta que non é preciso habendo acceso por outro lado, non é necesario asfaltar todo o rural.

Vicente Lamas Guisande, representante de asociacións culturais, solicita que cando chamen do Concello e non podes coller, poidas saber que persoa te chamou e así o da centralita pase a chamada.

Carlos Graña Vilares, pregunta se se fixo un novo camiño de Santiago pola senda, que ninguén lles comentou nada.

A Presidenta lle contesta que foi o Xacobeo, o Concello simplemente lles indicou por onde sería máis conveniente o percorrido.



CONCELLO DE REDONDELA

Juan José Comesaña López, representante de asociacións culturais, comenta que onde está o banco, na senda da auga, son un problema os vehículos.

A Presidenta indica que xa se vai a sinalizar mellor e establecer as prioridades de paso de vehículos.

Xoan Carlos González Campo, representante do BNG, pregunta polo saneamento do Canabal ata o Alcampo, como está o tema.

A Presidenta explica que houbo que facer unhas modificacións do proxecto por Fomento e uns veciños que non o deixaban pasar, se modificou o proxecto e se volveu a mandar á Diputación. Agora como o orzamento diminuíu, a Diputación pide que se xustifique en que se vai invertir o resto dos cartos. Conta que en menos de seis meses esté resolto.

O Sr. González Campo pregunta quen vai facer o mantemento da rotonda de Mercadona.

A Presidenta lle contesta que Mercadona, hai que falalo con eles, tamén fará o resto do muro que xa firmaron o convenio.

Xoan Carlos González Campo, representante do BNG, roga que se nalgunha parroquia se cambia a toponimia antes de facelo se fale cos colectivos da parroquia, nalgunhas so cambiaron o cartel pero noutras tamén o nome.

Juan José Comesaña López, representante de asociacións culturais, pide que nos novos carteis se poña tamén o nome do barrio.

Xoan Carlos González Campo, representante do BNG, pide que calquera proxecto que haxa para mellorar o acceso a Meirande se traia ao Consello.

A Presidenta lle contesta que vai haber outra xuntanza co Presidente da Autoridade Portuaria, se vai a reunir con todos os colectivos. Unha vez esté redactado o proxecto de dotacións se traerá ao Consello.

O Sr. Comesaña López comenta que na zona de Duches están marcando a pista, para que é? El ten entendido que a idea era ocupala con contenedores, tirar a estrutura do cargadeiro e traer os barcos para desguace.

A Presidenta indica que a Autoridade Portuaria quere informar da idea que teñen. Sempre habería unha zona de aparcamento para Meirande, se recupería o sendeiro e se melloraría o acceso.

Carlos Covelo Solla, representante da asociación de veciños, solicita que na Portela no paseo de madeira onde hai o trozo de xabre se coloque unha barandilla.

Bernardo Álvarez dos Santos, representante da comunidade de montes, solicita que no Cruceiro na zona da fonte se pinte unha liña amarela para que non aparquen os coches.



CONCELLO DE REDONDELA

María del Carmen Alonso Lago, representante do PsdeG-PSOE, indica que na saída onde a farmacia xa cambiaron os contenedores pero se necesita que non aparquen os coches ata a entrada porque dificultan a visibilidade.

A Presidenta lle contesta que o solicitarán a Fomento pero non sabe se o farán.

Alfonso Blanco Pérez, representante de AER, pregunta polo recheo da parcela de Canabal que se quitou so parte da terra.

A Presidenta lle contesta que ela coñece a zona e é evidente que se alterou pero non pode ir en contra dun informe dun técnico municipal. Falaron co propietario para que retire a terra proximamente.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.